

## Instrucións para o uso fraccionado da excedencia por coidado de familiares.

**A Consellaría pretende limitar o dereito ao fraccionamento destas excedencias. Segundo esta Instrución, un ou unha docente en excedencia por coidado dunha filla (por un tempo máximo de 3 anos) podería facer o seguinte:**

- Excedencia desde a data elixida e por un tempo mínimo de 1 mes.
- Debe transcorrer un mínimo de 1 mes para poder pedila de novo.
- Pode solicitar o reingreso ao servizo activo en calquera momento, mesmo a finais das actividades lectivas, pedindo de novo a excedencia en setembro.
- Se quere pedir un novo reingreso debe facelo en data non posterior ao 15 de maio.

A **CIG-ENSINO** solicita a retirada destas instrucións da Mesa Sectorial e que se negocie na Mesa Xeral unha mellora dos nosos permisos, licenzas, excedencias e reducións de xornada así como a modificación necesaria da orde de permisos e licenzas para o persoal docente.

O que presenta a Consellaría nesta Instrución non é outra cousa que un criterio sobre a interpretación das normas que a administración se dá a si mesma. Como tal, non pode producir efectos fronte a terceiras persoas e o que se constata, coa decisión da Consellaría ao traela á Mesa, é que estamos diante dun regulamento encuberto. O documento que se nos presenta é máis regulador que interpretativo, ao introducir supostos e prazos que non están na norma. Unha instrución non pode inventar prazos que non están na Lei. Xa no ano 2003 a CIG-Ensino gañou dúas sentenzas, naqueles casos relacionadas con reducións de xornada e a fundamentación xurídica foi clara: **“ningunha norma regulamentaria pode impoñer requisitos que limiten dereitos cando a lei non os fixou”**.

Cabe preguntarse se a Consellaría está a interpretar que cando un mestre ou unha mestra se reincorpora dunha excedencia nos meses de verán, nos que non hai actividade lectiva está a facer un "abuso de dereito". Porque se iso é o que cre, é unha demostración de que a Xunta, ou o Partido Popular, non entenden nada das necesidades de conciliación e coidados na nosa sociedade.

Que sentido ten que unha Lei recoñeza que unha excedencia se pode fraccionar e que despois se lle intente limitar ese dereito? Como **CIG-ENSINO** temos claro que unha persoa debe ter o dereito a poder incorporarse ao servizo activo cando lle pareza oportuno, máxime se cando o fai é en períodos non lectivos como o verán, algo que non afecta ao servizo nin ao alumnado e que só ten repercusións económicas, positivas para quen está nunha excedencia e negativas para a Administración, que constata e parece recibir de mal agrado que os dereitos custen cartos.

A **CIG-ENSINO** recorrerá s estas Instrucións se a Consellaría as chega a aplicar.